

12

UN MUNDO BIPOLAR

Por que os países vencedores da Segunda Guerra Mundial se dividiron en dous bloques antagónicos? Que consecuencias tivo?

Entre 1945 e 1991, o mundo viviu unha longa época de tensións e enfrontamentos entre dous bloques antagónicos: o capitalista, liderado polos Estados Unidos, e o comunista, liderado pola Unión Soviética. Como ambas as dúas potencias nunca chegaron a se enfrontar militarmente de forma directa, este período coñécese co nome de Guerra Fría.

CONTIDOS

- 1 A formación de bloques antagónicos
- 2 Por que os antigos aliados se converteron en inimigos?
- 3 Crises e conflitos armados durante a Guerra Fría
- 4 Por que perdeu Estados Unidos a guerra de Vietnam?
- 5 A coexistencia pacífica
- 6 O equilibrio do terror na era atómica
- 7 En que consistiu a bipolarización do mundo?

Vista aérea da Porta de Brandeburgo de Berlín en 1961.

- Que actividade están realizando no lado máis próximo á Porta? Que ocorre no outro lado?
- Que relación garda esta imaxe coa Guerra Fría?



A formación de bloques antagónicos (1945-1947)

1.1. A CONSOLIDACIÓN DOS BLOQUES

Finalizada a Segunda Guerra Mundial, fíxose evidente un grande antagonismo entre os países occidentais, encabezados polos Estados Unidos, e a Unión Soviética. As Conferencias de Alta e Postdam dividiran Europa en **dúas zonas de influencia** e estadounidenses e soviéticos estaban decididos a mantérenas e a impediren que o seu rival puidese gañar novas posicións.

Pero as discrepancias non consistían tan só en motivos territoriais ou militares, senón que eran fundamentalmente de tipo ideolóxico, xa que ambos os dous Estados representaban **dous modelos antagónicos** de organización política, social e económica: o capitalismo liberal (EUA) e o socialismo comunista (URSS).

Para afianzar o control nas súas respectivas zonas, **Estados Unidos** obrigou a expulsar os comunistas dos gobernos de coalición que se formaron nalgúns países da súa área de influencia (Francia, Italia, Bélxica e Dinamarca).

Pola súa banda, a **URSS** propiciou que nos países baixo a súa influencia (Polonia, Romanía, Hungría, Checoslovaquia, Bulgaria, Alemaña Oriental, Albania e Iugoslavia) o partido comunista respectivo conseguise o control exclusivo do poder e se instaurasen sistemas comunistas inspirados no soviético.

1.2. A RUPTURA: O PANO DE ACEIRO

A ruptura definitiva entre os dous bloques tivo lugar en 1947, cando o presidente estadounidense expuxo a que se coñece como **Doutrina Truman**. Nela denunciaba a creación de réximes comunistas nos países ocupados polo exército soviético e propoñía a intervención americana para frear a ameaza comunista en Europa. Para iso aumentouse o número de soldados e bases estadounidenses en Europa e propúxose o **Plan Marshall***, unha axuda económica para impulsar a reconstrución de Europa.

Deste xeito, afastando os países europeos da pobreza, diminuír o risco de expansión do comunismo. A maioría dos países occidentais aceptaron a axuda norteamericana, que foi rexeitada pola Unión Soviética e os países do Leste.

Como contrapartida, a URSS propuxo o **Informe Jdanov**, que denunciaba a actuación de Estados Unidos como unha vía de dominio de Europa. A URSS manifestou a súa decisión de axudar os países que non se quixesen someter á influencia estadounidense e potenciou a creación do **Kominform***, unha organización que reunía os países comunistas.

O mundo dividírase en dous bloques por unha fonda brecha que Winston Churchill denominou **Pano de Aceiro***. Para afirmar a cohesión dos bloques, cada potencia organizou unha alianza militar de países afíns. En 1949, os aliados de Estados Unidos crearon a **OTAN** (Organización do Tratado do Atlántico Norte) e, en 1955, a Unión Soviética e os seus aliados formaron o **Pacto de Varsovia**.



Cartel de propaganda soviético contra a intervención americana en Europa.

CARACTERÍSTICAS DOS BLOQUES			
Bloque	Ideoloxía	Economía	Alianzas
Americano	- Capitalismo - Democracia liberal	- Plan Marshall - OECE	- Rearme - OTAN
Soviético	- Socialismo - Control Partido Comunista	- Kominform - COMECON	- Rearme - Pacto de Varsovia

1. Que diferenzas ideolóxicas existían entre os bloques americano e soviético?

A FORMACIÓN DE BLOQUES

Salvando a un país da fame e da ruína, os monopolios norteamericanos teñen a intención de privar da súa independencia. A axuda norteamericana supón automaticamente a modificación da liña política do país que recibe esta axuda. Así soben ao poder partidos e personalidades que, obedecendo as directrices de Washington, están dispostos a levar a cabo (...) o programa desexado por Estados Unidos (...).

Informe do soviético A. Jdanov, 1947.

Un dos obxectivos fundamentais da política exterior de EUA é a creación de condicións nos cales nós e outras nacións poidamos forzar un xeito de vivir libre (...). No entanto, non acadaremos os nosos obxectivos a menos que esteamos dispostos a axudar os pobos libres a preservaren as súas institucións e a súa integridade nacional fronte aos movementos agresivos que tratan de lles impoñer réximes totalitarios (...).

H. S. TRUMAN: Memorias, 1956.

• Analiza os textos e enmárcaos no contexto da oposición entre os bloques.

A EUROPA DE 1945 A 1947



2. Que cambios territoriais implicou a Segunda Guerra Mundial?

3. En que dous bloques quedou dividida Europa? Cita que países se aliaban en cada un deles.

4. Que sucedeu cos gobernos de coalición que se crearan nalgúns países? Pon algún exemplo.

5. Que ocorreu nos países ocupados polo exército soviético?

@ Para ampliarse na Rede...

Visualiza en www.tiching.com/65640 o discurso sobre o Pano de Aceiro:

- Que personaxe aparece no vídeo? Cal é a súa importancia?
- Que anuncia no seu discurso?


1.3. A PARTIÇÃO DE ALEMANIA

O primeiro escenario de enfrontamento entre os dous bloques tivo lugar en Alemaña. Unha vez rematada a guerra, este país quedara dividido en **catro zonas ocupadas** por británicos, franceses, estadounidenses e soviéticos.

No ano 1948, os tres aliados occidentais decidiron unificar os seus territorios e crear un Estado federal alemán.

Como resposta, a URSS ordenou o **bloqueio** da cidade de Berlín, dividida tamén en catro zonas e colocada na zona soviética. Así, ordenouse o cerre de fronteiras e illouse o sector occidental da cidade. Estados Unidos respondeu co establecemento dunha ponte aérea para abastecer a cidade, que se prolongou durante un ano (maio de 1949).

A crise acelerou a división de Alemaña en dous Estados: a **República Federal de Alemaña**, que se encadrou dentro do bloque occidental, e a **República Democrática de Alemaña**, baixo influencia soviética. Berlín, asemade, quedou dividida en dúas zonas entre as que se levantou un muro no ano 1961.



As dúas Alemañas entre Stalin e o Tío Sam, segundo unha caricatura de 1949.

6. Explica que feito denuncia esta caricatura.

@ Para ampliarse na Rede...

Consulta en www.tiching.com/65645 a información sobre a Guerra Fría:

- Que consecuencias tivo o enfrontamento entre bloques?
- Ata cando durou esta situación?

SINTETIZA

7. Por que se deterioraron as relacións entre os aliados ao rematar a Segunda Guerra Mundial? Que feitos provocaron esta ruptura?

8. Explica o significado da expresión Pano de Aceiro.

9. Que alianzas militares crearon as dúas grandes potencias?

Guerra Fría e coexistencia pacífica (1945-1975)

2.1. QUE É A GUERRA FRÍA?

A **Guerra Fría** consistiu nun modelo de relacións internacionais que se desenvolveu despois da II Guerra Mundial baseado nun permanente antagonismo entre os bloques, liderados por Estados Unidos e a Unión Soviética.

Foi un enfrontamento moi tenso, sen chegar nunca a unha confrontación bélica directa entre as dúas potencias, pero no que estas desenvolveron unha gran **carreira de armamentos** e adoptaron unha actitude moi belixerante. A tensión entre os bloques implicou tamén o emprego do xogo sucio, da propaganda hostil contra o inimigo e da espionaxe.

2.2. OS CONFLICTOS DA GUERRA FRÍA

A rivalidade entre as superpotencias manifestouse tamén en conflitos bélicos afastados do seu territorio, nos que o enfrontamento se producía indirectamente a través de aliados periféricos.

A Guerra de Corea

Ao finalizar a Segunda Guerra Mundial, o Norte da península coreana foi ocupado polas tropas rusas, e o Sur, polas estadounidenses. Malia o acordo de constituír un único país, en 1949, tras a retirada das forzas ocupantes, Corea dividiuse en dous Estados.

En 1950, Corea do Norte invadiu Corea do Sur co apoio soviético, e as tropas estadounidenses, apoiadas pola ONU, interviñeron en defensa dos surcoreanos. Despois de tres anos de guerra, o conflito rematou, en 1953, coa **Paz de Panmunjon**, que consolidou a división das dúas Coreas.


A Guerra de Vietnam

Na colonia francesa de Indochina, as forzas comunistas do **Vietminh** proclamaron a independencia en 1945. Francia non a aceptou e iniciouse unha guerra entre a guerrilla comunista, que contaba co apoio dos soviéticos e controlaba o Norte do país, e o exército colonial francés, que tiña o soporte estadounidense. A guerra finalizou en 1954, coa derrota dos franceses e consolidou a división entre Vietnam do Norte, dirixido por un goberno comunista, e Vietnam do Sur, cun réxime pro-occidental.

Tras a retirada dos franceses, Estados Unidos enviou un contingente militar en apoio de Vietnam do Sur para **evitar a reunificación** dos dous Vietnam baixo un réxime comunista.


Iniciouse daquela unha dura e longa guerra, na que a pesar dos enormes medios militares empregados, EUA non foi quen de gañar a guerra e acabou retirando as súas tropas en 1973.

No ano 1975, as forzas norvietnamitas ocuparon o territorio de Vietnam do Sur e o país unificouse instaurando o comunismo.



O enfrontamento entre os bloques, segundo unha caricatura francesa da época.

A GUERRA DE VIETNAM (1954-1975)



1. Describe a información do mapa e resume o conflito de Vietnam.

@ Para saberes máis sobre a Guerra de Vietnam: www.tiching.com/65654

A RESISTENCIA EN VIETNAM

A súa excelencia Lyndon B. Johnson:

Vietnam atópase a milleiros de quilómetros de Estados Unidos. Os vietnamitas nunca lle fixeron dano ningún a EUA, pero EUA (...) intensificou a agresión militar contra Vietnam do Norte para prolongar a división do noso país e converter Vietnam do Sur nunha colonia e nunha base militar. (...) Medio millón de soldados de EUA e dos seus aliados utilizan o armamento máis inhumano e as estratexias militares máis bárbaras posibles. Usan napalm, armas químicas tóxicas e gas para masacrar os nosos compatriotas, destruír as colleitas e arrasar pobos enteiros. (...)

Os vietnamitas aman profundamente a independencia, a liberdade e a paz. Pero erguéronse como un só home ante a agresión de Estados Unidos, sen temor aos sacrificios nin ás penalidades. (...) Os vietnamitas non se renderán nunca ante a agresión, e non aceptarán conversas baixo a ameaza de bombas.

Carta de Ho Chi Minh ao presidente de EUA, 1967.

- A quen se dirixe a carta? Quen a escribe e que posición expresa?

A crise dos mísiles

En 1959 instalárase en **Cuba** un réxime revolucionario dirixido por **Fidel Castro**, que nunca foi aceptado por Estados Unidos. Para afogar ao réxime castrista, o goberno estadounidense declarou o boicot económico á illa, pero axiña Cuba recibiu o apoio da URSS e se foi aliñando co bloque comunista.

O momento de máxima tensión viviuse en 1962, cando, ante a ameaza de que os soviéticos ían instalar **mísiles nucleares** na illa, Estados Unidos ordeinou un **bloqueio marítimo**. Despois de días de elevada tensión internacional, os soviéticos retiráronse co compromiso de desmontar as bases militares e EUA levantou o bloqueio.

2.3. COEXISTENCIA PACÍFICA E DISTENSIÓN ENTRE OS BLOQUES

A finais da década de 1950, o clima de tensión entre os bloques deu paso a unha nova etapa dominada pola distensión que coñecemos como a coexistencia pacífica. Unha nova xeración de dirixentes (**Jruschov** na URSS e **Kennedy** en EUA) amosáronse cunha actitude máis tolerante cara ás discrepancias ideolóxicas do bloque rival.

Aínda que os conflitos estaban abertos, a evidencia de que ambos os dous posuían armamento nuclear que os podía levar á destrución masiva, e a conciencia de que estaban aparecendo novos protagonistas na escena internacional (Terceiro Mundo*) cuxos problemas e conflitos ían máis alá dos intereses dos bloques, levaron a intentar solucionar pola vía pacífica algúns conflitos.

Así se estableceron relacións directas entre os primeiros mandatarios (o chamado "teléfono roxo") e negociáronse crise como a de Cuba. Ambos os dous gobernos tamén se amosaron proclives ao establecemento de acordos para frear a carreira de armamentos (Acordos SALT).

Por último, EUA, no ano 1972, estableceu relacións coa China comunista, e as dúas Alemañas (Leste e Oeste) iniciaron conversas que as levaron a recoñecerse oficialmente.

A DISTENSIÓN INTERNACIONAL

O voso veciño pode gustaros ou non. Vós non estades obrigados nin a establecer amizade con el nin a facerlle visitas de cortesía. Que facer se nin un nin outro queren cambiar o lugar onde están afeitos a vivir?

Tan só hai dúas saídas: ou a guerra, e esta en tempos dos mísiles e a bomba H tería unhas consecuencias gravísimas, ou a coexistencia pacífica. (...) a cuestión é que hai que atopar un camiño de entendemento, xa que temos un único planeta (...).

Discurso de Jruschov, 1960.

Pero tampouco poden dous grandes e poderosos grupos de nacións sentirse satisfeitos da súa carreira actual, estando ambas as dúas partes sobrecargadas polo custo das armas modernas; estando ambas as dúas partes xustamente alarmadas pola acentuada expansión do átomo mortal, (...) que conduciría á última guerra da Humanidade.

(...) Non cheguemos a un acordo baseado no temor, pero tampouco sintamos o temor de chegar a un acordo.

Discurso de J. F. Kennedy, 1961.

• Sintetiza as posicións de Jruschov e Kennedy, e explica o cambio con respecto da etapa anterior.

A CRISE DOS MÍSILES



2. Por que era tan perigosa para EUA a instalación de mísiles en Cuba?



Entrevista entre Jruschov e Kennedy en Viena, xuño de 1961.

SINTETIZA

3. Que entendes por Guerra Fría? Que conflitos se desenvolveron durante a Guerra Fría?

4. Que foi a coexistencia pacífica? Por que se produciu?

3 A descolonización

3.1. AS CAUSAS DA DESCOLONIZACIÓN


Entre as causas que favoreceron o proceso de descolonización, podemos salientar as seguintes:

- O **desexo de independencia** da maioría da poboación das colonias fronte a unha metrópole que impuxera as súas formas de vida e cultura, gobernaba de forma despótica e desarticulaba a súa economía.
- A puxanza dos **movementos nacionalistas**, que, inspirados en diferentes ideoloxías (comunistas, islamistas, nacionalistas...), se viron con forzas para enfrontárense aos colonizadores.
- A **diminución do prestixio** das potencias coloniais, que durante o conflito mundial foron derrotadas polo Eixe e boa parte das súas colonias asiáticas resultaron ocupadas por Xapón. Esta derrota púxolle fin á lenda da superioridade da raza branca e da imbatibilidade das potencias europeas.
- A expansión dunha **opinión internacional** contraria á colonización, que se manifestou a través da **Carta do Atlántico*** (1941), a Declaración da ONU (1946) e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), que proclamaron o dereito dos pobos a dispoñeren de si mesmos (dereito de autodeterminación).
- O **apoio á descolonización das dúas grandes potencias** (EUA e a URSS), que non posuían imperios coloniais e tiñan interese en debilitar as vellas potencias europeas.

3.2. O PROCESO DESCOLONIZADOR

A descolonización realizouse ao longo de máis de trinta anos e pasou por diferentes etapas:

- A primeira etapa iniciouse en Oriente Próximo e Asia durante a Segunda Guerra Mundial e, sobre todo, ao rematar esta.
En **Oriente Próximo** accederon á independencia o **Líbano, Siria e Xordania**. Igualmente se acabou o mandato británico sobre Palestina, pero gran parte do seu territorio pasou a formar o novo Estado de **Israel**.
- En Asia, en 1947, o Reino Unido aceptou a independencia da **India**, en 1949, **Indonesia** converteuse nun Estado independente, e en 1954, Francia abandonou Indochina.
- A segunda etapa afectou o Norte de África e iniciouse en 1951, cando a colonia italiana de **Libia** accedeu á soberanía. En 1956, Francia recoñeceu a independencia de **Marrocos e Tunisia**, pero intentou manterse en **Alxeria**, feito que implicou unha longa e cruenta guerra que finalizou coa independencia deste país en 1962.
- A terceira fase produciuse en **África subsahariana** e espallouse entre os anos 1955 e 1965, cando a maioría das colonias británicas (Kenya, Nixeria...), francesas (Guinea, Mauritania, Madagascar...) e belgas (Congo) se proclamaron independentes.
- A última fase tivo como escenario o Cono Sur africano e foi bastante serodia. En 1975 os portugueses fixeron efectiva a descolonización (**Angola e Mozambique**) e en 1990 **Namibia** proclamouse independente.
- Por último, en **África do Sur**, cuxa independencia fora declarada polos colonos brancos en 1961, o réxime do **apartheid*** mantívose ata 1993, cando se aboliron as leis discriminatorias para a poboación negra.



A gran limpeza de outono, caricatura do ano 1960.

@ Para saberes máis sobre a descolonización africana: www.tiching.com/65657

SABÍAS QUE...


Palestina era un protectorado británico habitado maioritariamente por musulmáns, pero cun importante continxente de xudeus. En 1947, unha resolución da ONU propuxo a partición en dous Estados, un xudeu e outro palestino, e en 1948, Ben Gurión proclamou o **Estado de Israel**.

Os palestinos e os seus veciños musulmáns non recoñeceron o novo Estado israelí, formaron a **Liga Árabe** (Exipto, Siria, Arabia Saudita, Xordania, Iraq, Líbano...) e declaráronlle a guerra a Israel (1948-1949), que rematou coa adquisición de novos territorios palestinos por parte de Israel. En 1956, 1967 e 1973 estalaron novas guerras. En todas elas impúxose Israel, que estendeu a súa zona de ocupación.

En 1964 creouse a **OLP** (Organización para a Liberación de Palestina), dirixida por **Yasser Arafat**, que fomentou o terrorismo contra Israel e os seus aliados. A partir de 1974, esta organización abandonou a violencia e apostou pola vía da negociación con Israel.

En 1993 acordouse a creación en Israel dun **territorio autónomo** baixo autoridade palestina. No entanto, os enfrontamentos proseguen e a convivencia entre xudeus e palestinos continúa a ser moi conflitiva.

AS ETAPAS DA DESCOLONIZACIÓN (1945-1994)



3.3. O XURDIMENTO DO TERCEIRO MUNDO

A independencia política dos países colonizados non foi acompañada dunha independencia económica, xa que na maioría dos novos Estados se mantiveron moitos dos intereses económicos das antigas metrópoles.

Esta situación coñécese como **neocolonialismo***, unha nova forma de dominio que implica unha dependencia económica e cultural de moitas das antigas colonias respecto da súa antiga metrópole.

No contexto da política de bloques e do enfrontamento entre a Unión Soviética e EUA, estes países xurdidos da descolonización manifestaron a súa vontade de non seren simples peóns da política internacional das grandes potencias e expresaron o seu dereito a decidir o seu destino e a afrontar o problema da pobreza. Con estes obxectivos, en 1955, reuniuse a **Conferencia de Bandung**, que acolleu os representantes de 29 países africanos e asiáticos recentemente descolonizados e na que destacaron as intervencións de líderes como Sukarno, Nehru e Nasser.

En Bandung acordouse unha serie de principios: condena do colonialismo, soberanía e igualdade de todas as nacións, rexeitamento a toda intervención estranxeira nos asuntos internos dos Estados, arranxo dos conflitos por vía pacífica e creación de plans de axuda ao desenvolvemento económico e cultural dos países afroasiáticos.

Así mesmo, outro obxectivo da conferencia foi o establecemento dunha alianza de Estados independentes e a instauración dunha corrente neutralista e de non alíñamento coa política internacional das dúas grandes potencias (Estados Unidos e a URSS).

Como resultado, na Conferencia de Belgrado (1961) estableceuse o **Movemento de Países Non Alíñados***, que integrou a 25 países.

1. Que etapas da descolonización se poden establecer? A que zonas ou países afectou cada unha delas?
2. En que lugares a independencia implicou un conflito bélico?



No encontro de Tito, por Iugoslavia, Nehru, pola India, e Nassern, por Exipto, en Brioni (Iugoslavia) en 1956 trazouse o proxecto de non alíñamento.

SINTETIZA

3. Cales foron as causas do movemento emancipador das colonias?
4. En que consistiu o conflito árabe-israelí? Que causas o desencadenaron?

4.1. A AFIRMACIÓN DA POTENCIA ESTADOUNIDENSE

A Segunda Guerra Mundial implicou a **hexemonía estadounidense** sobre o mundo capitalista. O predominio de EUA apoiábase na súa **superioridade tecnolóxica e económica**: dispoñía de dous terzos das reservas de ouro e concentraba case o 50 % de toda a riqueza do planeta. Pero ademais gozaba de **prestixio político** polo seu papel decisivo na derrota do nazismo e do fascismo, e posuía unha enorme **potencia militar**: ata 1949 foi o único país, que dispuxo de armamento nuclear.

A actuación de Estados Unidos centrouse en **dous obxectivos** primordiais: manter a súa primacía sobre o mundo capitalista e frear a expansión comunista. Os norteamericanos eran conscientes de que a mellora da economía do mundo occidental resultaba a mellor arma para deter o avance soviético.

Por esta razón, a partir de 1947, Estados Unidos desenvolveu un intenso programa de axuda á reconstrución posbélica cunha serie de medidas: garantir a estabilidade das moedas, fixando o dólar como moeda de intercambio (Acordos de Bretton Woods), crear organismos para asegurar a **reconstrución (FMI* e BIRD*)**, e desenvolver un gran programa de **axuda a Europa (Plan Marshall)**.

4.2. A EVOLUCIÓN POLÍTICA E SOCIAL


En EUA, os dous grandes partidos políticos do país, **demócratas** e **republicanos**, continuáronse relevando no poder. Os primeiros, tiveron a presidencia na posguerra (Truman), pero en 1953, os republicanos (Eisenhower) accederon ao poder. Aínda que os demócratas eran partidarios de promover leis sociais fronte ao conservadurismo republicano, na presidencia de Truman desenvolveuse unha política fortemente anticomunista (caza de bruxas).

En 1960, o demócrata **John F. Kennedy** conseguiu gañar as eleccións, cun programa que pretendía relanzar a economía e a tecnoloxía (carreira espacial) e facerlle fronte ás desigualdades sociais e raciais. O asasinato do presidente, en 1963, foi un duro golpe, aínda que o seu programa continuou vixente durante a presidencia do seu sucesor Lyndon B. Johnson.

Nesta época, EUA amosoulle ao mundo un modelo de vida baseado na **abundancia** e no **consumo**. Pero a sociedade da abundancia tiña tamén o seu lado escuro. Amplos **sectores sociais** (parados, xubilados, asalariados agrícolas) quedaban **excluídos da opulencia**. Ademais, a poboación negra sufría unha gran discriminación racial, sobre todo nos Estados escravistas do Sur.

A finais da década de 1960 este **modelo social** comezou a ser **contestado**. As organizacións e os líderes que defendían os dereitos da poboación negra radicalizáronse (**Black Panthers***, Malcolm X) e a xuventude rebelouse (movemento **hippie**) contra os valores imperantes. Estados Unidos tamén viu contestada a súa hexemonía no **ámbito internacional**. O coñecemento dos masacres en Vietnam e a simpatía por movementos revolucionarios sensibilizaron a opinión mundial e estendeuse un certo sentimento antiestadounidense.

A IDADE DOURADA EN EUA (1950-1973)



1. Que evolución seguiu a economía en Estados Unidos? Cales foron as causas?

O NOVO PROGRAMA KENNEDY

A Nova Fronteira da que falou non é unha serie de promesas (...) é unha serie de propostas, non do que teño intención de lle ofrecer ao pobo americano, senón do que teño intención de pedirlle. (...) Máis alá desa fronteira esténdense os dominios inexplorados da ciencia e do espazo, os problemas non resoltos da paz e da guerra, as bolsas de ignorancia e de prejuicios que no foron vencidas, as cuestións olvidadas de a pobreza e os marxinaos. (...)

Discurso de J. F. Kennedy, 1960.

- Que obxectivos establece el programa da Nova Fronteira? Por que cres que recibe este nome?



SABÍAS QUE...

O movemento a prol dos dereitos cívicos dos negros, ten o seu máximo representante en **Martin Luther King** (1929-1968), nado en Atlanta e pastor da Igrexa baptista. Este activista foi un decidido partidario da non violencia, e animou a milleiros de negros americanos a loitar polos seus dereitos. Foi galardoado co Premio Nobel da Paz en 1964, e morreu asasinado en Memphis en 1968.

@ Para saberes máis sobre as ideas de Martin Luther King: www.tiching.com/65685

4.3. EUROPA: CRECIMENTO ECONÓMICO E DEMOCRACIA

Tras a Segunda Guerra Mundial, os países europeos estaban arruinados pola contenda. O Plan Marshall foi o motor da reconstrución, e ata 1952, afluíron a Europa uns 13000 millóns de dólares a través de préstamos e doazóns. Como contrapartida, a aceptación do Plan implicaba un certo control sobre a economía dos países beneficiados e a súa contribución á loita contra o comunismo.

Como consecuencia disto, na década de 1950, Europa occidental iniciou un longo período de **crecemento económico**. As **taxas anuais de crecemento do PNB** superaron o 5%. Polo xeral, experimentouse unha mellora da renda por habitante, unha suba dos salarios, uns baixos índices de paro, unha **modernización** do seu **aparato produtivo** e un gran crecemento de novas industrias (química, automóbil, electrónica e informática). Así mesmo, orixinouse unha progresiva **terciarización** da poboación activa, ao aumentaren as actividades de servizos (lecer e turismo, ensinanza, sanidade e transporte).

O crecemento económico viuse acompañado en **Europa occidental** pola consolidación de **sistemas políticos democráticos**. Coa caída das últimas ditaduras (Grecia e Portugal, en 1974, e España, en 1975), esta zona do planeta abranguea o maior número de países democráticos.


4.4. XAPÓN, O CAPITALISMO ASIÁTICO

Tras a súa rendición na Segunda Guerra Mundial, Xapón foi ocupado polas forzas estadounidenses, que estableceron neste país un **sistema político** inspirado nas **democracias occidentais**.

Ante o temor dunha expansión comunista na zona do Pacífico, **Estados Unidos** viu en Xapón o seu **mellor aliado asiático**. Por este motivo, os estadounidenses decidiron fomentar a súa rápida recuperación económica e devolverlle a soberanía perdida. Así, en 1951, deuse por finalizada a ocupación do arquipélago, logo da renuncia de Xapón ao seu imperio e o compromiso de non ter forzas armadas.

En menos de vinte anos, Xapón converteuse na **segunda potencia económica mundial**. Unha serie de factores explican as causas destes "milagre económico": a axuda de Estados Unidos, a non existencia de gastos militares, un grande esforzo de innovación tecnolóxica, a superabundancia de man de obra e a escasa cobertura social.

Ademais, Xapón soubo combinar a presenza de grandes grupos industriais e financeiros, que controlaban os sectores básicos da economía, con pequenas industrias de tipo tradicional.



Cartel sobre o Plan Marshall, 1947.

2. Que países están representados como receptores de axuda de Estados Unidos? Por que non hai países socialistas?

RÉXIMES POLÍTICOS DE EUROPA



3. Distingue os diferentes tipos de réximes políticos de Europa na segunda metade do século XX. Que países accederon máis tarde á democracia?

SINTETIZA

- Resume a evolución política e social de Estados Unidos.
- Que foi o Plan Marshall? Que efectos tivo en Europa occidental?
- Que entendemos polo "milagre económico xaponés"?

@ Para ampliarse na Rede...

Accede en www.tiching.com/65686 á información sobre a represión política en EUA:

- Que foi a caza de bruxas?
- Que efectos tivo en EUA?

5.1. A RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA

A Unión Soviética saíu da Segunda Guerra Mundial esnaquizada no aspecto material, pero enormemente reforzada no seu papel de líder dos comunistas do mundo. Nos catro anos seguintes, a Unión Soviética reconstruíu a súa economía e acadou o nivel anterior á guerra.

Este grande esforzo realizouse mediante unha extraordinaria mobilización social, con inmensos recursos dedicados ao progreso técnico e científico, co desenvolvemento de amplas rexións da zona asiática e coa incorporación das mulleres ao mundo laboral.

Na reconstrución déuselles prioridade á **industria pesada**, á de armamento e ás comunicacións. O obxectivo era converterse na **gran potencia industrial** alternativa a Estados Unidos. O crecemento económico foi innegable, pero orixinou un **modelo profundamente desequilibrado**. A excesiva importancia da industria pesada produciu unha **debilidade** na **industria de consumo** e deu lugar á escaseza de produtos, polo que se mantivo o racionamento de alimentos.



1. Que expresa este cartel? Por que falamos de culto á personalidade?

5.2. A SOCIEDADE SOVIÉTICA

A sociedade soviética presentaba dous grandes **grupos sociais**: un maioritario (61,6%), constituído por asalariados e campesiños, e outro formado por intelectuais e profesionais (militares, funcionarios, artistas...), que gozaban dalgún privilexio, pero que, ao non existir propiedade privada dos medios de produción, non constituían unha clase dominante.

Así, o conxunto da poboación, aínda que tiña un acceso a bens de consumo moi reducido, asistiu paulatinamente a unha certa mellora do nivel de vida, sobre todo a partir de 1956. Desde aquela, garantiuse para todos os cidadáns o traballo, as pensións, as vacacións pagas, a vivenda, a educación e a sanidade.


A **clase dominante** na URSS formábase aqueles grupos que exercían o poder político, vinculados esencialmente ao Partido Comunista (PCUS). O poder outorgáballes riqueza ou privilexios e estes grupos monopolizaban para eles e os seus os cargos públicos e o acceso a determinados produtos de consumo, como os automóviles.

5.3. A DESESTALINIZACIÓN DA URSS

Stalin, xefe do Partido Comunista e do goberno, converteuse, tras a Segunda Guerra Mundial, no dirixente que conducira á URSS á vitoria. Fomentouse un auténtico "culto" á súa persoa e perseguiuse sistematicamente a todo **disidente***, promovendo un verdadeiro terror de Estado. Pero a súa **morte**, en 1953, abriu un período de cambios na Unión Soviética. O XX Congreso do PCUS, en 1956, significou o inicio da desestalinización, isto é, o recoñecemento dos graves erros do período anterior.

A chegada de **Jruschov** ao poder impuxo un **programa de reformas** para mellorar o nivel de vida e outorgar maior liberdade de expresión e tolerancia. En política exterior, abriuse o camiño á **coexistencia pacífica** entre os bloques. Pero, as reformas iniciadas por Jruschov foron paralizadas en 1964 e o dirixente comunista foi destituído. Unha nova dirección encabezada por **Breznev** (1966-1982) volveu a impoñer un férreo control ideolóxico e político (**inmovilismo**), e continuaron sen solucionarse os desequilibrios económicos.

O CRECIMENTO ECONÓMICO DA URSS



JRUSCHOV E A DESESTALINIZACIÓN

Camaradas! Co obxectivo de non repetir os erros do pasado, o Comité Central declárase decididamente contrario ao culto ao individuo. Consideramos que Stalin foi exaltado en exceso. (...)

Cales son os obxectivos próximos do partido en política exterior? (...) a coexistencia pacífica entre os diferentes Estados, independentemente do seu réxime social. Loitar activamente pola paz (...) e esforzarse por transformar a distensión actual nunha paz duradeira. (...)

Congreso do PCUS, 1956.

- Que críticas realiza o dirixente soviético á etapa anterior? Que obxectivos se marca en política exterior?

5.4. AS DEMOCRACIAS POPULARES DE EUROPA DO LESTE

Os Estados da Europa oriental (República Democrática de Alemaña, Polonia, Romanía, Hungría, Bulgaria, Checoslovaquia, Iugoslavia e Albania) conformaron, a partir de 1945, gobernos de fronte nacional, con presenza de diversos partidos políticos, e desenvolveron programas de **reconstrución**, mediante unha fórmula intermedia entre o capitalismo e o socialismo.

Procedeuse a unha repartición das grandes propiedades agrícolas entre os campesiños, sen chegar á colectivización. Tamén se nacionalizaron as grandes empresas e a banca, e iniciouse a posta en marcha da industria pesada. Pero a Guerra Fría fixo que os países do Leste **evolucionasen** cara a un **aliñamento** coa **Unión Soviética**.

Dese xeito, a partir de 1947, a presión de Estados Unidos, exercida en Europa mediante o Plan Marshall, inquietou a URSS que forzou os comunistas das democracias populares a facérense co poder, impoñer a **vía socialista** e **aliñarse** coa **política exterior soviética**.

Como consecuencia disto, os países controlados pola URSS tiveron que integrarse no **COMECON***, unha especie de "mercado común" da área soviética. Igualmente, o **Pacto de Varsovia** (1955) integrou os diversos exércitos baixo un mando único soviético.

Este dominio da URSS sobre os Estados do Leste foi contestado polas súas poboacións en diversos países. En **Hungría**, en 1956, produciuse un levantamento contra a presenza soviética. A URSS interveu militarmente e os principais dirixentes (Nagy) foron fusilados.


En **Checoslovaquia**, en 1968, o Partido Comunista, dirixido por Alexander Dubcek, tratou de poñer en marcha unha experiencia propia de socialismo (Primavera de Praga) pero, igualmente, a intervención das forzas do Pacto de Varsovia acabou co intento.

A URSS E O COMECON



3. Que países integraban o COMECON? Con que obxectivo? Que país tiña un acordo especial? Por que?

TAXA ANUAL DE CRECEMENTO ECONÓMICO



2. Describe a evolución económica dos países representados no gráfico.

SABÍAS QUE...

Na Europa do Leste, **Iugoslavia** constitúe un caso á parte. Os comunistas e o seu dirixente, o mariscal Tito, iniciaron unha forma orixinal para a construción do socialismo, afastada en parte das directrices e os intereses de Moscova e á marxe do Pacto de Varsovia.



Portada dunha revista soviética de 1949. As democracias populares e a URSS triunfan sobre o capitalismo.

SINTETIZA

4. Explica o modelo económico e social soviético da posguerra.

5. Como se impoñen en Europa as democracias populares?

A volta á tensión entre os bloques (1975-1985)

Na etapa da distensión, semellaba que EUA e a URSS repartiran entre eles o mundo e que respectaban as súas zonas de influencia. Pero a emerxencia de novos países (descolonizados), o Terceiro Mundo, introduciu en escena novos actores. Americanos e soviéticos loitarán por exercer a súa influencia sobre eles.

6.1. A EXPANSIÓN Á INFLUENCIA SOVIÉTICA

O modelo soviético resultou atractivo para numerosos países descolonizados, ou con grandes desigualdades sociais, como os de América Latina. Eran países sen tradición democrática, con graves problemas económicos e sociais, nos que xorden movementos revolucionarios de marcado carácter nacionalista e socialista.

En **América Latina**, o triunfo da **Revolución cubana**, en 1959, impulsou a creación de guerrillas comunistas e antiimperialistas por todo o continente: Venezuela, Colombia, Perú, etc. En 1979 triunfou a **revolución sandinista** en Nicaragua, feito que alentou o avance guerrilleiro no Salvador e Guatemala.

En **Asia**, a influencia comunista estendeuse despois da revolución na China e do triunfo comunista en Vietnam. En Oriente Próximo, Siria e Exipto achegáronse á URSS da que recibiron axuda militar. Na península arábiga, Iemen do Sur instaurou un réxime comunista e potencias como a India asinaron tratados de amizade coa URSS.

Por último, en **África**, onde algúns Estados do **Magreb** adoptaran réximes socializantes (Alxeria, Libia), a influencia soviética estendíase a Etiopía e a **África subsahariana**. A URSS deulle o seu apoio a Guinea, Malí e Benin, e posteriormente, xunto a tropas cubanas, sustentaron os movementos comunistas de Angola, Namibia e Mozambique.

A EXPANSIÓN REVOLUCIONARIA

Nos novos campos de batalla levarei a fe que me inculcaches, o espírito revolucionario do meu pobo, a sensación de cumprir co máis sagrado dos deberes: loitar contra o imperialismo onde queira que estea. Isto reconforta e cura de sobra calquera esgazadura (...).

Ata a vitoria sempre. Patria ou morte!

Ernesto "Che" GUEVARA: *Carta a Fidel Castro*, 1967.


- Cal é o obxectivo máis importante para o "Che" Guevara? Investiga cal foi a súa acción en América Latina.

@ Para saberes máis sobre as ideas de Ernesto "Che" Guevara: www.tiching.com/65692



O presidente exipcio Nasser xunto ao dirixente soviético Jruschov. A Unión Soviética apoiou a nacionalización do Canal de Suez en Exipto.

A EXPANSIÓN SOVIÉTICA



1. Cita as zonas de expansión da influencia soviética.

2. En que países tiña acceso a URSS a bases militares?

7.1. OS PROBLEMAS DO MODELO SOVIÉTICO

Durante décadas, a URSS foi a segunda potencia militar do mundo e o referente para moitos países, e semellaba que, a comezos da década de 1980, a súa influencia no mundo se acrecentaba. Pero era un xigante con graves problemas. A súa **economía** estaba estancada, a súa tecnoloxía atrasábase respecto de Occidente, o nivel de vida da súa poboación era baixo e os enormes gastos militares e de apoio aos países baixo a súa influencia eran excesivos para a súa riqueza.

Ademais, existían serios **problemas políticos**. No exterior, sobre todo na **Europa do Leste**, onde a imposición do modelo soviético se levava a cabo con problemas, os movementos de protesta e os grupos disidentes contra a presenza soviética eran cada vez máis potentes na década de 1980. Na propia URSS, o Partido Comunista xerara unha caste de privilexiados que controlaban o poder e impedían as reformas.

7.2. AS REFORMAS DE GORBACHOV

En 1985, **Milhaíl Gorbachov** foi elixido secretario xeral do Partido Comunista da Unión Soviética e iniciou un **proceso reformista** para lles facer fronte aos problemas da URSS. No ámbito económico propuxo a **perestroika**, un plan para revitalizar a economía e aumentar a produción de bens de consumo, coa introdución do espírito de empresa, a noción de mercado e a innovación tecnolóxica.

No terreo político, a **glasnost** (transparencia) suprimiu a censura e o monopolio político do Partido Comunista, á vez que se recoñeceron outros partidos e se iniciou a reforma das institucións. En **1990** convocáronse as **primeiras eleccións** libres, que lle deron a presidencia da República Federal de Rusia a Boris Yeltsin.

En **política exterior**, propiciouse o diálogo con Estados Unidos para negociar os conflitos e avanzar no desarmamento. Tamén se reorientaron as relacións co bloque de países comunistas co fin de animalos a seguir o seu propio proceso reformista, despois de anunciar que a URSS non habería de intervir nos seus asuntos internos.

7.3. A DESAPARICIÓ DO BLOQUE DO LESTE

O **movemento reformista**, que acabaría cos réximes comunistas na Europa do Leste, iniciouse en **Polonia**, onde unhas eleccións, convocadas en 1989, foron gañadas polo sindicato católico Solidariedade, enfrontado ao Partido Comunista. Un novo goberno, presidido por Lech Walesa, amosou o seu desexo de achegarse ao modelo occidental.

O exemplo polaco foi seguido, pouco despois, pola caída dos réximes comunistas de **Hungría**, **Checoslovaquia** (que acabou coa partición en dúas repúblicas) e **Bulgaria**. En **Romanía**, un alzamento popular, co apoio de parte do exército, acabou coa ditadura de Nicolae Ceausescu.

Os acontecementos de maior alcance tiveron lugar en **Alemaña Oriental**. En novembro de 1989 e ante a forte presión popular, logrouse a apertura do **muro de Berlín**. En **1990** convocáronse eleccións, que foron gañadas polos partidarios de reunificar a Alemaña Oriental coa Occidental, feito que se produciu eses mesmo ano co **tratado de unificación**.

O REFORMISMO DE GORBACHOV

Cando en abril de 1985 aceptei encabezar o Comité Central do PCUS (...), o noso país desgastárase nunha carreira de armamentos extenuante. Os mecanismos económicos funcionaban cada vez peor, o rendemento da produción baixaba, (...) a corrupción atacaba descaradamente a todos os chanzos do sistema administrativo, (...) baixo a capa exterior dunha unidade ideolóxica monolítica da sociedade, cada vez asomaban máis a mentira oficial, a hipocrísia e o cinismo.

*Memorias de
M. Gorbachov, 1993.*

- Resume a situación da URSS que expón Gorbachov.



A destrución do muro de Berlín en novembro de 1989.

1. O feito que se reflicte na imaxe, que transcendencia tivo?

@ Para saberes máis sobre a reunificación alemá: www.tiching.com/65697



2. En cantas repúblicas se dividiu a URSS? En cales provocou problemas a secesión?

3. Busca información e indica algúns conflitos que se desenvolven, na actualidade, no territorio da antiga URSS.

@ Para ampliarse na Rede...

Consulta en www.tiching.com/65704 o eixe cronolóxico da desintegración da URSS:

- En que ano e con que acontecemento se inicia?
- Cando e como remata?

7.4. A DISOLUCIÓN DA URSS

As reformas de Gorbachov suscitaron a oposición dos sectores máis inmovilistas do PCUS, que non querían perder o monopolio do poder e os seus privilexios. En agosto de 1991, con Gorbachov ausente, os devanditos sectores foron protagonistas dun **golpe de Estado** militar en Moscova, que foi vencido pola resistencia da poboación rusa e pola decidida actitude contraria ao levantamento de Yeltsin e do Parlamento ruso.

A partir dese momento, as reformas aceleráronse. Yeltsin decretou a **supresión do réxime comunista** e dissolveu o PCUS. Recoñeceuse a independencia das repúblicas bálticas (Estonia, Letonia e Lituania) e de Ucraína e mais de Bielorrusia. A URSS acabou finalmente dividida en **15 repúblicas independentes** e Gorbachov dimitiu do seu cargo en 1991.

A nova Federación Rusa herdou moitos dos **problemas** da URSS. Dunha banda, os **enfrentamentos** entre etnias e nacionalidades diversas. Doutra, unha **crise económica**, como resultado da **rápida privatización**, que significou o afundimento caótico da propiedade estatal, unha enorme suba dos prezos, o aumento do paro e o empobrecemento da poboación.

7.5. A DESINTEGRACIÓN DO BLOQUE COMUNISTA

O rápido proceso de crise e afundimento do réxime comunista na URSS e nos países do Leste de Europa tivo as súas repercusións naqueles territorios que estiveran ligados ou integrados no bloque socialista.

No decenio seguinte, a maioría de países do Terceiro Mundo con **réximes socializantes desapareceron** ou introduciron cambios que significaron a aceptación de economías de libre mercado e de sistemas políticos multipartidistas e electivos. Só algúns países, como Cuba, Vietnam ou o moi complicado caso da China, manterán a súa orientación de carácter comunista.

Agora ben, a desaparición do bloque comunista a finais do século XX, non significou a fin dos conflitos e dos enfrentamentos bélicos; simplemente estes son, na actualidade, de novo tipo e con outros obxectivos.



Boris Yeltsin detivo o golpe de Estado militar en Moscova en 1991.

SINTETIZA

4. Explica as reformas introducidas por Mihaíl Gorbachov.

5. Como repercutiron esas reformas nos países da Europa do Leste?

6. En que consistiu o golpe de Estado de 1991 na URSS? Que consecuencias tivo para o país?